

Dada a innegábel relevancia da tecnoloxía na época actual, o curso, organizado en catro sesións, pretende servir como foro de debate arredor dos retos da lingua galega na era dixital, con especial atención á IA e á produción de contidos audiovisuais nas redes sociais. Neste sentido, recoñecidas persoas deses ámbitos exporán o produto das súas investigacións e/ou do seu labor en tales esferas nunha proposta atraente e aberta, pensada para o público xeral

Obxectivos:

Reparar na importancia da IA na sociedade actual.

Reflexionar á volta da transcendencia das redes sociais no noso tempo.

Ilustrar como pode avanzar a proxección da lingua galega desde a esfera dixital.

Reparar na necesidade de contidos audiovisuais en galego como ferramenta para a normalización.



LINGUA GALEGA E RETOS NA ERA DIXITAL: REDES SOCIAIS E IA. 65SJ

A CORUÑA, 24 e 25 DE OUTUBRO de 2024

Asociación Cultural Alexandre Bóveda

Edificio do Círculo de Artesáns. R/ San Andrés, 36, 1º

INFORMACIÓN:

<http://www.uimp.es>

Fundación Luis Seoane C/ San Francisco nº 27, 15001 – A Coruña
Teléfono 981 140 830

ENTRADA LIBRE CON INSCRIPCIÓN PREVIA

No correo electrónico: galicias@uimp.es

(nome e NIF)

PRAZAS LIMITADAS

DIRECCIÓN: XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI: *Profesor titular na Área de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña e membro do Grupo ILLA*



XOVES, 24 OUTUBRO, QUINTA FEIRA

- 18:00-18:10 **INAUGURACIÓN**
- 18:10-19:30 **ERA DIXITAL: REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E CAMBIOS EDUCATIVOS E SOCIAIS**
Nieves Rodríguez Brisaboa.
- 19:30-21:00 **VIDEOXOGOS EN GALEGO: EXISTEN?**
Iago Gordillo

VENRES, 25 OUTUBRO, SEXTA FEIRA

- 18:00-19:30 **O PROXECTO NÓS: INTELIXENCIA ARTIFICIAL AO SERVIZO DA LINGUA GALEGA**
Rubén Cela
- 19:30-20:50 **DIVULGAR CIENCIA EN GALEGO: AS REDES SOCIAIS COMO CANLE PARA A NORMALIZACIÓN DA LINGUA.**
Fátima Barros
- 20:50 -21:00 **CLAUSURA**
María Jesús Lorenzo Modia,
Directora da Universidade Internacional Menéndez Pelayo en Galicia. Catedrática na Área de Filoloxía Inglesa da Universidade da Coruña

PARTICIPANTES

Nieves Rodríguez Brisaboa.
Catedrática da Universidade da Coruña na Área de Linguaxes e Sistemas Informáticos

Iago Gordillo
Licenciado en Comunicación Audiovisual pola UDC e director do espazo Recuncho Gamer:

Rubén Cela
licenciado en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela e Coordinador da Oficina Técnica do Proxecto Nós

Fátima Barros
licenciada en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela e divulgadora de ciencia en galego nas redes sociais